



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 31 de maio de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trinta e un de maio de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(569).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 18 de maio e ordinaria e extraordinaria e urxente do 21 de maio de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(570).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS (RELACIÓN 4/2018). EXPTE. 11489/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 22/05/18, asinado polo letrado-xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e o concelleiro-delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

XGL relación 4/2018

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Sentenza nº 83 do 25 de abril de 2018

Expediente nº 9660/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Ordinario: 98/2016

Obxecto: Desestimación da reclamación de cantidade na obra mellora e reposición de espazos público no CASCO VELLO, ámbito PZA PRINCESA E PZA ARGUELLES

Expte(s): 7279-307

Esta sentenza, que estima parcialmente o recurso, considera que as unidades executadas a maiores do recoñecido polo Concello na liquidación final, sí se corresponden con traballos executados polo contratista, e que procede o seu abono.

O Xulgado estima que a cantidade recollida na sentenza é a que se corresponde co que o perito xudicial informou con relación a estas obras.

Esta sentenza non é firme e é posible apelar no prazo de 15 días dende a notificación da mesma.

O Servizo de Patrimonio Histórico debe coñecer do resolto.

2.- Sentenza nº 55 do 9 de abril de 2018

Expediente nº 10487/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 110/2017

Obxecto: Resolución da XGL de data 03/02/2017 pola que se desestima o r.reposición contra acordos anteriores de data 21/10/2016 referentes a contratos serv. limpeza da EMAO e Areas Deportivas

Expte(s): 5807/241

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso con custas de oficio taxadas.

O departamento de Contratación (así como a EMAO e Deportes) deben coñecer o resolto.

3.- Decreto do 10 de maio de 2018

Expediente nº 10700/111

Xulgado do Social nº 3 de VIGO

Ordinario: 505/2017

Obxecto: Reclamación de cantidades

Este Decreto resolve o desistimento da actora fronte ao Concello de Vigo e Mantelnor Limpiezas.

O Servizo de Contratación, Fomento e Educación deben coñecer do resolto.

4.- Sentenza nº 54 do 9 de abril de 2018

Expediente nº 10718/111



## Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 199/2017

Obxecto: Contra acordo ditado o 17/04/2017 sobre responsabilidade patrimonial por caída na vía pública Sanjurjo Badía

Expte(s): 4859-243

Contía: 30.750,98 €

Esta sentenza desestima o recurso, interposto fronte á resolución desestimatoria dunha reclamación de responsabilidade patrimonial por caída na vía pública.

Se considera que non pode atribuírse a responsabilidade á Administración municipal porque concorren varios factores na causación do dano á demandante, sendo os principais alleos á actuación municipal.

Tratábase dun elemento metálico que rodea o empreamento dun elemento arbóreo, que en ningún caso impedía o tránsito pola beirarrúa.

Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

5.- Sentenza nº 163 do 10 de maio de 2018

Expediente nº 10727/111

Xulgado do Mercantil nº 1 de A CORUÑA

Ordinario: 116/2017

Obxecto: Declaración concurso voluntario

Esta sentenza, fronte á que só é posible interpoñer recurso de casación ou recurso extraordinario por infracción procesual, desestima o recurso de apelación promovido pola representación do Concello de Vigo contra a sentenza dictada no incidente concursal do procedemento concursal de Cocheras Olivicas de Puentes SA.

A sentenza considera, como a de instancia, que a titular da concesión non é a empresa adjudicataria dese contrato, senón Cocheras Olivicas de Puentes, e por tal razón, os bens da concesión deben formar parte do inventario do concurso.

O Servizo de Transportes, o de Fomento e o de Contratación deben coñecer do resolto.

6.- Sentenza nº 48 do 2 de abril de 2018

Expediente nº 10864/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 311/2017

Obxecto: Contra resolución do TEA ditada o 30/06/2017, na que se desestima recurso de reposición contra dilixencia de embargo.

Expte(s): 29970-7000 e 4126/550

Contía: 53.176,82 €

Esta sentenza, desestima o recurso sen condena en custas. Se considera axusta a dereito a actuación administrativa, e o feito de que o demandante abonase o importe das cuotas de urbanización adebedadas con anterioridade ao prazo de 15 anos establecidos no CC.

A este respecto, na sentenza se sinala doutrina dos TSX que consideran que non se trata de débedas tributarias, senón civís, relacionadas cos deberes inherentes á propiedade civil.

O Tribunal Economico Administrativo, e a Tesouraría-Recadación Executiva debe coñecer do resolto.

7.- Sentenza nº 118 do 2 de maio de 2018  
Expediente nº 10892/111  
Xulgado do Social nº 4 de VIGO  
Ordinario: 839/2017  
Obxecto: Reclamación de cantidades Inspector Medio Ambiente  
Contía: 404,31 €

Por medio desta sentenza se lle estima parcialmente a demanda ao actor, recoñecendo o dereito a percibir 389,27euros, como diferenza salarial das cantidades correspondentes á parte proporcional da paga extraordinaria de xaneiro a marzo do 2016 entre subgrupo C2-C1.

A Área de RRHH debe coñecer do resolto e executar a sentenza

8.- Decreto nº 79 do 12 de abril de 2018  
Expediente nº 10940/111  
TSX Galicia, Sala do Social, Sección nº 5 REFORZO de VIGO  
Despedimento/cesamento en xeral: 796/2017  
Obxecto: Despido disciplinario

Esta resolución aproba o acordo de conciliación entre as dúas partes; demandante e demandado, desistindo fronte ao Concello de Vigo e outra sociedade codemandada.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

9.- Sentenza nº 63 do 14 de maio de 2018  
Expediente nº 10961/111  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO  
Abreviado: 359/2017  
Obxecto: Resolución do 23/08/2017 que desestima o r. reposición formulado no expediente nº 12305-306 confirmatorio da sanción por importe de 9.015, 19 ?  
Expte(s): 12305 - 306  
Contía: 9.015,19 €

Esta sentenza, firme por contía, desestima o recurso do demandante e ratifica a actuación administrativa municipal. Considera a tramitación do expediente sancionador de contaminación acústica axustado a dereito, e a vinculación entre o demandante e a sociedade que desenvolvía a actividade, acreditada.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

10.- Decreto nº 114 do 27 de marzo de 2018  
Expediente nº 10975/111  
Xulgado do Social (Reforzo) nº 3 de VIGO  
Ordinario: 795/2017  
Obxecto: Reclamación en materia de cantidades  
Contía: 3.596,46 €

Acepta o desestimento da actora.



## Concello de Vigo

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

11.- Sentenza nº 52 do 9 de abril de 2018

Expediente nº 10993/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 371/2017

Obxecto: Contra resolución ditada polo T.E.A. de data 20/07/2017, na que desestima reclamación económica-administrativa sobre responsable solidario de pago de deudas pendentes

Expte(s): 4263/550 - 30382/700

Contía: 348.727,15 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e anula o acto de declaración de responsabilidade solidaria do 19/08/2016.

A Dirección de Ingresos, a Inspección de Tributos e o TE-A do Concello deben coñecer o resolto.

Por conexión, a decisión sobre apelación debe corresponderse coa que se adopte no conexo P.O. 282/2016.

12.- Sentenza nº 50 do 2 de abril de 2018

Expediente nº 10995/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 375/2017

Obxecto: Contra resolución do T.E.A. de data 31/07/2017 pola que se desestima reclamación económico-administrativa contra desestimación presunta por embargo de contas

Expte(s): 30143-700 /4206-550

Contía: 266.007,99 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e anula a resolución do TE-A deixando sen efecto a dilixencia de embargo de contas.

A Administración de Ingresos/Inspección de Tributos debe coñecer o resolto e propoñer (con urxencia) o procedente en canto á apelación deste sentenza.

13.- Sentenza nº 56 do 12 de abril de 2018

Expediente nº 11000/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 376/2017

Obxecto: Contra acordo ditados polo T.E.A nos que se desestiman reclamacións económico-administrativa contra liquidacións correspondentes aos semestres dos exercicios 2015/2016

Expte(s): 3985/550 - 4000/550 - 4111/550 - 4402/550 - 31559/502 - 32112/502 - 32901/502 - 34241/502

Contía: 563.877,55 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

A Dirección de Ingresos e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

14.- Sentenza nº 51 do 2 de abril de 2018

Expediente nº 11012/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 377/2017

Obxecto: Contra resolución do T.E.A. de data 31/07/201 por desestimación presunta do recurso contra dilixencia de embargo IBI 2012-2014

Expte(s): 4235/550 - 30143/700

Contía: 266.007,99 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e anula a resolución do TE-A deixando sen efecto a dilixencia de embargo de contas.

A Administración de Ingresos/Inspección de Tributos debe coñecer o resolto e propoñer (con urxencia) o procedente en canto á apelación desta sentenza.

15.- Sentenza nº 86 do 3 de maio de 2018

Expediente nº 11015/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Ordinario: 380/2017

Obxecto: Contra resolución do T.E.A. de data 31/07/201 por desestimación presunta do recurso contra dilixencia de embargo

Expte(s): 4471/550, 30143/700

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso e anula a dilixencia de embargo da conta bancaria.

No inciso final do FD 2º sinala o deber de explorar outras opcións como a compensatoria.

A Tesourería e a Dirección de Ingresos deben coñecer o resolto e informar con urxencia sobre a apelación desta sentenza.

16.- Auto nº 23 do 2 de maio de 2018

Expediente nº 11039/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Entrada en domicilio: 416/2017

Obxecto: Limpeza do terreo emprazado no Camiño ongra nº 3 Coruxo

Expte(s): 12837-310

Este Auto, que estima íntegramente a solicitude, autoriza a entrada na finca situada no Camiño Longra nº 3, en Coruxo, para a execución subsidiaria dos traballos de limpeza derivados das ordes de execución do 3 de setembro do 2012 e 22 de xaneiro do 2015.

O Servizo de Medioambiente debe coñecer do resolto.

17.- Sentenza nº 67 do 14 de maio de 2018

Expediente nº 11106/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 418/2017



## Concello de Vigo

Obxecto: Contra resolución sancionadora en materia de tráfico de data 06/10/2017

Expte(s): 178604734

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, estima o recurso e anula a resolución do Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade do 24/7/17, confirmada en reposición, e anula a resolución por non respetar a luz vermella dun semáforo.

Non se considera acreditado o lugar exacto da comisión, razón para que consonte á presunción de inocencia, a sanción deba anularse. Non se considera suficiente a corrección do axente, sendo deber da administración sancionadora acreditar sen dúbida o lugar dos feitos. O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

18.- Sentenza nº 59 do 17 de abril de 2018

Expediente nº 11107/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Ordinario: 419/2017

Obxecto: Contra resolución do TEA ditado o 22/09/2017 no que estima parcialmente a reclamación económica administrativa contra inadmisión do recurso de reposición contra outra sobre imposto de actividades dos exercicios 2013 ao 2016

Expte(s): 4404-550 - 90/504

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Esta resolución, desestimatoria pero non firme, impón as custas á parte demandante e considera axustada a dereito a actuación municipal. Neste caso ademáis, estima que concorre unha estimación total formal e material da pretensión da parte actora, xa que o Tribunal Económico-administrativo do Concello de Vigo, coa retroacción acordada recoñece o solicitado. Non se anula a resolución tributaria por ser obxecto de impugnación autónoma, logo da retroacción acordada polo TEAC.

O TEA debe coñecer do resolto.

19.- Sentenza nº 181 do 3 de maio de 2018

Expediente nº 11377/111

Xulgado do Social nº 2 de VIGO

Seguridade social: 89/2018

Obxecto: Contra resolución que determina a continxencia por I.T. por accidente de traballo no Parque Central.

Esta resolución xudicial, que non é firme, e contra a que é posible a presentación de recurso de suplicación perante o TSXG resolve estimando a pretensión do demandante, traballador municipal do Parque Central, de que a incapacidade temporal do 8/9/2017 deriva de accidente de traballo, por mor da inhalación de fume.

O Concello compareceu como codemandado, sendo demandado o INSS xunto coa Mutua colaboradora do Concello.

A Área de RRHH debe coñecer do resolto.

20.- Decreto nº 9 do 10 de abril de 2018

Expediente nº 11380/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 117/2018

Obxecto: Contra resolución de data 28/12/2017 pola que se estima parcialmente o recurso de reposición contra outra, sobre recoñecemento de pagamento das facturas do mes de setembro con dedución económica por incumprimentos na prestación do servizo.

Expte(s): 9873-446

Contía: 20.823,12 €

Acepta o desestimento da actora.

O departamento de Contratación, e o de Parques e Xardíns, deben coñecer o resolto.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso desta administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO





## Concello de Vigo

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(571).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE EXPOSICIÓN DUN BELÉN MONUMENTAL DURANTE A CAMPAÑA DO NADAL 2018-2019. EXPTE. 5279/106.**

Dáse conta da proposta asinada con data 28/05/18, pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada e admitida, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos de exposición dun belén monumental durante a campaña do nadal 2018-2019 (5.279-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA	78,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AGRUPACIÓN BELENÍSTICA LA MORANA DE ZAMORA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 970,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **4(572).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL”, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). EXPTE.14438/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 28/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77)



## Concello de Vigo

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77) na seguinte orde descendente:*

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L.	96,00
2º	VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.	84,63
3º	SERVIGUIDE CONSULTORIA, S.L.	84,11
4º	ARXON ESTRATEGIA, SLU	79,82
5º	UTE NORFORMACIÓN, S.L. - CENTROS DE INICIATIVAS PROFESIONALES, S.L.	72,50
6º	UTE DESSA URBANISMO SLNE - GARCÍA-ALÉN ASESORES, S.L.	64,33
7º	XEDEGA S. COOP.	41,02

*Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2.161,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

*Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80% - PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L., o día 4 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 21 de maio, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 e 23 e de abril de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77) por un prezo total de 179.080,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.080,00 euros.*”



## Concello de Vigo

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(573).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE PEDRO ALVARADO. EXPTE. 9811/446.**

Visto o informe de fiscalización de data 28/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta dos seguintes acordos adoptado pola Mesa de Contratación*

- *Sesión do 12 de febreiro de 2018: a Mesa acordou non admitir neste procedemento de ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.U. por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación de ofertas.*
- *Sesión do 15 de marzo de 2018: a Mesa acordou excluír a ELSAMEX S.A. por non ter presentado a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP (“Carta*

de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC”).

➤ Sesión do 19 de abril de 2018:

- A Mesa acordou excluír a CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. e UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.-SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L., por non ter presentado a documentación esixida no apartado 7A das FEC do PCAP (“Carta de compromiso do fabricante de xogos co contido descrito no apartado 16.B.1 desta FEC”).
- A Mesa acordou excluír a LAPPSET ESPAÑA VR, S.L. por incompatibilidade (artigo 56 do TRLCSP), ao ter participado na elaboración dos documentos preparatorios do contrato podendo supoñer esta participación un trato privilexiado con respecto aos demais licitadores.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	94,00
2	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)	79,88

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 982,00 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), o 4 de maio de 2018 que presenta a documentación requirida os días 16 e 18 de maio de 2018, dentro do prazo concedido; e completa a documentación acreditativa da solvencia técnica o 22 de maio, transcorrido o referido prazo, se ben a solvencia pode ser obxecto de emenda (Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación



## Concello de Vigo

dalgúns preceptos do texto refundido da Lei de Contratos do sector público tras a modificación realizada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización: “Se o licitador presentara a documentación a que se refire o artigo 146.1 no prazo sinalado pero se presentara incompleta ou con defectos emendables, esta Xunta Consultiva considera que o órgano de contratación deberá darlle a este licitador prazo para emendar que sexa suficiente”).

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 22 de febreiro e 27 de abril de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI) o procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento da praza de Pedro Alvarado (9.811-446) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 384.900,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 66.800,83 euros.
- b) Propón unha redución no prazo de execución das obras de 21 días.
- c) Propón un incremento do prazo mínimo de garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos.
- d) Propón un incremento do prazo mínimo da garantía ofertada da obra executada de 10 anos.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(574).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DO EQUIPAMENTO DE UNIFORMIDADE DE INTERVENCIÓN PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 5192/213.**

Visto o informe de fiscalización de data 28/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

#### 11.- Propostas de adxudicación

f) Procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:





## Concello de Vigo

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213) na seguinte orde descendente:*

<i>LICITADOR</i>	<i>PUNTUACIÓN TOTAL</i>
<i>ITURRI, S.A.</i>	<i>100</i>

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a solvencia económica e técnica e os certificados esixidos no apartado 6B do Anexo I -FEC- que xa foron presentados no sobre A.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2.028,63 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ITURRI, S.A., o día 4 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 18 de maio, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ITURRI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ITURRI, S.A., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula de data 24 de maio de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ITURRI, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade de intervención para o servizo de bombeiros (5.192-213) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 976.879,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 169.541,05 euros.*
- b) Propón un 15% de prendas en stock a maiores do mínimo do 15% fixado na cláusula 8.2 do prego de prescricións técnicas particulares.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(575).- MODIFICACIÓN DE CONVENIO ENTRE COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA DESENVOLVEMENTO DO “FESTIVAL DO MAR DE VIGO– VIGO SEAFEST” 2018”. EXPTE. 15124/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 26/04/2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a Diputación provincial de Pontevedra para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival do Mar de Vigo “VIGO SEAFEST - FESTIVAL ARVI DO PEIXE 2018”, transcrito no Anexo do presente.*



## Concello de Vigo

**Segundo.**- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival do Mar de Vigo "VIGO SEAFEST - FESTIVAL ARVI DO PEIXE 2018".

**Terceiro.**- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo

**Cuarto.**- Remitir o convenio unha vez asinado á Concellería de Xestión Municipal, aos efectos de publicidade. "

II. Con Rexistro de entrada de data 25/05/2018 (DOC. 180080560) achégase oficio da Deputación de Pontevedra solicitando a subsanación do convenio remitido, logo do informe da Intervención provincial, que informa favorablemente o expediente coa indicación de subsanar certas observacións referidas, principalmente, a incluír na cláusula quinta "Compromisos da Deputación " a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das súas funcións ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas en virtude do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017; así como proceder ao ingreso no servizo de Tesourería de 40,31 € para saldar a débeda coa Deputación de Pontevedra.

De conformidade co anteriormente exposto, e previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

**Primeiro.**- Modificar, a instancia da Deputación de Pontevedra logo do informe da Intervención provincial, o convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local o 26/04/2018 entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival do Mar de Vigo "VIGO SEAFEST - FESTIVAL ARVI DO PEIXE 2018", transcrito no Anexo do presente.

**Segundo.**- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival do Mar de Vigo "VIGO SEAFEST - FESTIVAL ARVI DO PEIXE 2018".

**Terceiro.**- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo

**Cuarto.**- Remitir o convenio unha vez asinado á Concellería de Xestión Municipal, aos efectos de publicidade.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO “FESTIVAL DO MAR DE VIGO-VIGO SEAFEST”

En \_\_\_\_\_, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

**REUNIDOS**

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

**EXPOÑEN**

I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os de promoción da cultura e apoio ás iniciativas de promoción turística.

II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

III.- Que no apartado IV.4 do citado protocolo expónse que en materia de Promoción do emprego o Concello de Vigo, entre outros procedementos, potenciará á inserción laboral e á creación de emprego; do mesmo xeito, que no apartado IV.5 do citado Protocolo expónse que en materia de Turismo o Concello de Vigo desenvolverá actuacións para potenciar a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e o seu entorno con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos. Neste sentido a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 25.2.h) e a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, artigos 3 e 5, regulan as competencias propias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.



## Concello de Vigo

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. Asemade a Deputación amosa o seu interese na promoción do conxunto dos destinos turísticos da provincia, mediante o fomento da marca Turismo Rías Baixas.

IV.- Que o Porto de Vigo constitúe o principal centro de distribución da pesca europea, así como un porto transatlántico consolidado, que promove o carácter da cidade como destino turístico. Pese a estas oportunidades, Vigo carece dun festival de verán coherente coa identidade pesqueira e marítima da cidade. Á vista desta situación a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, pretende celebrar os 5, 6, 7 e 8 de xullo de 2018 un festival do mar en Vigo coa denominación “*VIGO SEAFEST*”, co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles. Esta cita representa unha oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido dos festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional.

V.- Que os festivais relacionados co sectores primarios teñen cobrado gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que os converte en escaparates ao turismo para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, turismo gastronómico e de festivais, en constante crecemento, non resulta accesible para os canles tradicionais de promoción, tanto por custe como impacto. En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio co evento semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

VI.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de cualificación da promoción turística, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

### PACTOS

#### PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración os días 5, 6, 7 e 8 de xullo de 2018 do festival “*VIGO SEAFEST*”, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción dos produtos pesqueiros locais e da cultura gastronómica en torno a eles.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica da pesca e dunha produción sostible.

- Fomento do consumo de peixe como alimentación saudable e nutritiva, así como do seu potencial na nova cultura gastronómica.
- Consolidación do emprego mediante a promoción das empresas e marcas pesqueiras locais.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico, con especial atención ó turismo gastronómico.

## SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da organización do evento ata a cantidade máxima de CENTO CINCUENTA E CINCO MIL euros (155.000,00 €), para o total das actuacións ás que se refire o presente convenio incluído o IVE, sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xuño de 2018 e o 15 de agosto de 2018. No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase proporcionalmente ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte. O financiamento realizarase contra as aplicacións correspondentes dos vixentes orzamentos das administracións asinantes.

## TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas administracións intervincentes terá lugar co seguinte desglose:

ANUALIDADE	Entidade	TOTAL
2018	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	50.000,00 €
2018	CONCELLO DE VIGO	105.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>155.000,00 €</b>

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio de colaboración coa Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131. para o festival “VIGO SEAFEST”. Dita sociedade é a entidade titular da marca “VIGO SEAFEST”, polo que é titular do dereito exclusivo a utilizar dita marca no tráfico económico.

3º.- O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación Provincial e comunicarse a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Administración municipal remitirá á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo do que corresponda en exclusiva á Comisión de Seguemento do



## Concello de Vigo

convenio, que se reunirá cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros..

### CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131. para o festival "**VIGO SEAFEST**". A Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, é a entidade organizadora do "**VIGO SEAFEST**".
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial xunto co convenio.
- Obter os correspondentes permisos e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
  - o Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131. para o festival "**VIGO SEAFEST**".
  - o memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
  - o facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
  - o conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
  - o memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
  - o certificación de pagamento a favor de Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131 asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
  - o calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ó obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

#### **QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

A Deputación de Pontevedra comprométese a cofinanciar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CINCUENTA MIL euros, (50.000,00€) o que supón o 32,26 % do custe da actuación, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

O pagamento das prestacións obxecto do convenio realizarase, contra a aplicación 18/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131 obxecto deste convenio á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

#### **SEXTO.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións de promoción turística incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro do festival “VIGO SEAFEST”, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015,





## Concello de Vigo

da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS**

Conforme o disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

### **OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento

designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

## **NOVENO.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde o 1 de xuño de 2018 ata a total execución do evento ao que o mesmo se refire, que terá lugar os días 5, 6, 7 e 8 de xullo de 2018, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2018.

## **DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º.- Polo incumprimento do contrato por parte da Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega.

## **UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, ante a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.



## Concello de Vigo

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

### **8(576).- PROPOSTA DE REINTEGRO TOTAL DA “AXUDA MUNICIPAL Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017” OUTORGADA A BOTICA 87,CB”. EXPTE. 15123/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 16/05/18, dáse conta do informe-proposta do 5/04/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Desenvolvemento local, o concelleiro delegado de Emprego e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Vigo, data segundo sinatura electrónica  
A técnica de administración xeral.- Carla Candia Paz

Vigo, data segundo sinatura electrónica  
O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.- Francisco J. Gutiérrez Orúe

Vigo, data segundo sinatura electrónica  
O concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos (Decreto de Alcaldía e Acordo da XGL de 19.06.2015).- Santos Héctor Rodríguez Díaz

Vigo, data segundo sinatura electrónica  
O concelleiro de Facenda e Orzamentos (Decreto de Alcaldía e Acordo da XGL de 19.06.2015).- Jaime Aneiros Pereira

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e regulamento de desenvolvemento aprobado mediante Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas 2017.

### **ANTECEDENTES**

Con data do 30.06.2017 e núm. de rexistro 170094978 María Begoña Suárez Álvarez co DNI 36066024T como representante da empresa Botica 87, CB co NIF E27832385 presentou solicitude de Axuda Municipal á Creación de Empresas do ano 2017 (Expte. 14149/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 02.11.2017, acordou concederlle unha axuda por importe de 3.000,00€.

Con data do 02.11.2017 e rexistro de saída número 34613 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 09.11.2017 e núm. de rexistro 170155576 a empresa Botica 87, CB co NIF E27832385 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada. Segundo o expediente 14608/77 de xustificación e pago da axuda a data de pago realizouse o 07.12.2017.

Con data do 07.03.2018 e núm. de rexistro 180034656 María Begoña Suárez Álvarez co DNI 36066024T e María del Carmen Pérez Pérez co DNI 76747938C como comuneras da empresa Botica 87, CB co NIF E27832385 comunican a baixa da Comunidade de Bens con data do 28.02.2018 polo que “... BOTICA CB solicita poder devolver a Concellería de emprego do Concello de Vigo a subvención...” (expte 15123/77).

Con data 12/03/2018, o xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, emite informe concluíndo que *á vista da comunicación presentada pola empresa interesada a través do documento núm. 180034656 e, en consonancia co disposto nas bases 1.4, 1.7 e 8.1 da convocatoria, procede iniciar un expediente de revogación da subvención outorgada e requirir o reintegro de 3.000,00€ correspondente á totalidade da axuda concedida ademais dos xuros de demora desde o momento do pago da subvención ata a data do acordo de procedencia de reintegro que adopte a Xunta de Goberno Local.*

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

• As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2017 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, expediente 13824/77, establecen:

- na Base 1.4 serán obrigas da empresa beneficiaria:
  - *“Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.*
  - *Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta na solicitude e no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.”*

- na Base 1.7. Alteración das condicións de tramitación e concesión das axudas:  
*“Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos no prazo dun mes desde a súa modificación.*

*O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorrera un ano desde a data de resolución da concesión será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, salvo tamén causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximara substancialmente ao cumprimento.”*



## Concello de Vigo

- na Base 8.1 Perda do dereito ao cobro: *“O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles..”*

- Procedemento de reintegro:

- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

- O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptárase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Mediante orde de inicio de expediente 15123/77, asinada polo concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos de data 09.03.2018, procedeuse ao inicio do procedemento de reintegro da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 02.11.2017 a prol de Botica 87, CB, en concepto de axuda municipal á creación de empresa 2017.

Mediante notificación asinada polo xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 12.03.2018, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade poidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

Dende a recepción da devandita notificación (15.03.2018, segundo o acuse de recibo que obra no expediente) non consta que se teña achegado ningunha documentación ata a data por parte da entidade interesada unha vez transcorrido o prazo outorgado.

Xa que logo, resulta procedente declarar decaída á interesada no seu dereito ao trámite e formular a proposta de acordo de reintegro total da subvención outorgada dacordo cos antecedentes e fundamentación que consta no expediente 15123/77, de xeito que:

–A empresa achega a documentación requirida para a xustificación da subvención polo que procedeuse ao seu pago na data do 07.12.2017.

–A empresa procedeu segundo o establecido na base 1.7 Alteración das condicións de concesión ao comunicar o cese da actividade empresarial dentro do prazo establecido.

–O cese da actividade da comunidade de bens produciuse o 28.02.2018 polo que o período desde a data de concesión da axuda é inferior a un ano e incumpre as bases 1.4, 1.7 e 8.1.

Ao producirse o cese da actividade empresarial e alterar as condicións polas que se lles concedera a axuda, ademais de que o tempo transcorrido desde a concesión da subvención é inferior a un ano segundo establecen as bases reguladoras e a convocatoria, resulta procedente, en aplicación da base 8.1, propoñer o reintegro total da axuda concedida á empresa Botica 87, CB por importe de 3.000,00€ e de 40,99€ correspondentes aos xuros de mora desde o momento do pago da subvención ata a data da adopción do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	<b>08/12/17</b>	Importe para o cálculo:	<b>3.000,00€</b>
Data fin do cálculo:	<b>19/04/2018</b>	Tipo deuda:	<b>Reintegro</b>

<b>Data Inicio</b>	<b>Data Vto.</b>	<b>Días período</b>	<b>Tipo (%)</b>	<b>Principal (€)</b>	<b>Xuros (€)</b>
08/12/2017	19/04/2018	168	3,75	3.000,00	40,99
<b>TOTAIS</b>					<b>3.040,99</b>

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións; polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da LRBRL.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación



## Concello de Vigo

presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19.06.2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Requirir a cantidade de 3.040,99€ resultante do reintegro total da subvención por importe de 3.000,00€, outorgada á empresa Botica 87, CB co NIF E27832385 mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 02.11.2017, e ao importe de 40,99€ correspondentes aos xuros de mora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (en expte. 15123/77), por incumprimento das bases 1.4, 1.7 e 8.1 segundo as bases reguladoras e convocatoria das Axudas municipais á creación de empresas para o ano 2017.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións, polo que se dará traslado á Intervención Xeral unha vez adoptado o acordo aos efectos oportunos.

**SEGUNDO.-** Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(577).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA ENXEÑEIRO/A TÉCNICO, BAIXO A MODALIDADE DO ARTIGO 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA O SERVIZO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO LOCAL. EXPTE. 31834/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 21/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 4/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

1.- Con data 23/03/2018, o xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, coa conformidade do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, remiten oficio manifestando a urxente necesidade de proceder, entre outros ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun Enxeñeiro/a Técnico/a, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 19/04/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas dun Enxeñeiro/a Técnico/a, á Xunta de Goberno Local, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 03/05/2018, emítase polo Técnico de Organización e Planificación, informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de





## Concello de Vigo

Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**"*

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.346-Enxeñeiro/a Técnico/a) da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do Xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local coa conformidade do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 19/04/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### **IV. - Proposta de gasto:**



## Concello de Vigo

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, obrante no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de un/unha enxeñeiro/a técnico para o Servizo de Participación Cidadá, supón un custo de **20.835,36 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.531,84 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D<sup>a</sup>. Tania Pereira Hermida, con DNI \*\*\*\*517-A**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

A citada aceptou expresamente mediante escrito de data 24/04/2018, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### **VI. - Competencia:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como enxeñeiro/a técnico/a ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Participación Cidadá, que constan no escrito de data 23/03/2018, do xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, coa conformidade do concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **20.835,36**

€, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D<sup>a</sup>. Tania Pereira Hermida, con DNI \*\*\*\*\*517-A**, na súa condición de seguinte aspirante e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto posto cód. 346-Enxeñeiro/a Técnico/a, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), sendo adscrito ao Servizo de Participación Cidadá, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido segundo as necesidades, pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida, ou a quendas; garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ó/á aspirante nomeado/a, o xefe de Participación Cidadá, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(578).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS SUBALTERNOS, BAIXO A MODALIDADE DO ARTIGO 10.1.D) DO**



## Concello de Vigo

### **RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, PARA O SERVIZO DE BIBLIOTECAS. EXPTE. 31864/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 21/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 4/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 21-03-2018, o Concelleiro-delegado da Área de Cultura, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de entre outros dous/dúas subalternos/as por mor da situación existente na Casa da Cultura e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 04/05/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de catro subalternos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 07/05/2018, emítese polo Técnico de Organización e Planificación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

##### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*



## Concello de Vigo

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-Ordenanza/Porteiro, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de

2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do Concelleiro-delegado da Área de Cultura, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 04/05/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dou/dúas subalternos/as para a Área de Cultura, supón un gasto de **21.134,26 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **6.625,56 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalterno/a existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D<sup>a</sup>. Patricia Rouco Fernández con DNI \*\*\*\*\*546-S e D. Cesáreo Quinteiro Martínez, con DNI \*\*\*\*\*950-N**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Os/as mesmas aceptaron expresamente mediante escritos de data 07/05/2018, segundo consta no expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.





## Concello de Vigo

### VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **subalternos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Área de Cultura, contidas no escrito do 21/03/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **21.134,26 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D<sup>a</sup>. Patricia Rouco Fernández con DNI \*\*\*\*\*546-S e D. Cesáreo Quinteiro Martínez, con DNI \*\*\*\*\*950-N**, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscritos/as ao Servizo de Bibliotecas da Área de Cultura, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeado/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeado/as, ao Concelleiro da Área de Cultura, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal

técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(579).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DE DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DA LICENCIA MUNICIPAL DE TAXI Nº 371. EXPTE. 1314/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de data 23/05/18, no que a xefa do Servizo de Transportes fai constar que o expediente non se inclúe dentro dos recursos nos que se contempla a obrigatoriedade de contar con informe previo de asesoramento legal preceptivo regulado no RD 128/2018, dáse conta do informe-proposta de data 16/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

*A Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 17 de xaneiro de 2018**, adoptou o seguinte :*

#### **ACORDO**

*PRIMEIRO .- Declarar a caducidade da licenza municipal de taxi nº 371 da que é titular D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO por non ter habilitada a tarxeta de Transportes, séndolle notificada en data 14 de xuño de 2017, pola Xefatura Territorial de Pontevedra – Servizo de Mobilidade, Resolución Denegatoria á solicitude de rehabilitación, ditada esta o 8 de maio de 2017 e non presentando recurso en prazo, polo que dita Resolución é firme en vía administrativa e o titular carece dun dos requisitos necesarios para a validez da licenza.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente Acordo ó titular D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO requeríndolle no prazo de 10 días, contados a partir da citada notificación, para que entregue nas oficinas do servizo de Transportes do Concello de Vigo (sitas na pranta 11 do Edificio Administrativo) a licenza municipal, e proceda a retirar todos os distintivos dos que dispoña o vehículo.*

*Unha vez entregado o solicitado, o interesado quedará privado do dereito á prestación de servizo de taxi na cidade de Vigo.*

O 9 de febreiro de 2018 notificase ó interesado o Acordo adoptado o 17 de xaneiro de 2018 pola Xunta de Goberno Local, no que **se declara a caducidade da licenza de taxi nº 371**.



## Concello de Vigo

Na data 15 de febreiro de 2018, D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO presenta en tempo e forma RECURSO DE REPOSICIÓN, no que alega que está buscando unha solución ó problema no Servizo de Mobilidade da Xefatura Provincial en Pontevedra, xa que se cumpren os requisitos para rehabilitar a autorización interurbana de transporte, estando á espera dunha solución. Subsidiariamente, solicita que antes de acordar a caducidade da licenza municipal de taxi, de carácter irreversible, se acorde a SUSPENSIÓN da mesma conforme establece o artigo 11 da Lei 4/2013 de 30 de maio.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

1º En relación coa alegación formulada polo interesado relativa a que están buscando unha solución no Servizo de Mobilidade, xa que se reúnen tódolos requisitos para a rehabilitación da autorización interurbana e á vista da comunicación da Xefatura Territorial Pontevedra-Servizo de Mobilidade de data 15 de decembro de 2017 “en data 8 de maio do presente ano díctase Resolución Denegatoria á solicitude de rehabilitación da autorización VT solicitada polo interesado D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO. A mencionada Resolución foille notificada o día 14 de xuño de 2017, non presentando recurso en prazo, polo que dita Resolución é firme en vía administrativa” non parece que sexa posible a rehabilitación da mencionada autorización e en todo caso o certo é que o titular da licenza nº 371 carece actualmente deste requisito esencial para a titularidade dunha licenza de taxi e en consecuencia para a prestación do servizo .

E así se regula nos seguintes artigos:

Artigo 4, punto 3, da Lei 4/2013 de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, “ as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas e a súa obtención efectuarase mediante o procedemento coordinado de outorgamento regulado no artigo 16 da citada lei.”

Artigo 5 da Ordenanza Municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación na data 9 de febreiro de 2015 e publicado no BOP de data 11 de marzo de 2015 “ a prestación do servizo de taxi esta suxeita a previa obtención da licenza municipal de taxi e da autorización interurbana de taxi “

Artigo 14 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxis na cidade de Vigo: “ se declarara a caducidade das licenzas, nos casos de incumprimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento” circunstancia que se da no presente caso ó carecer o titular da licenza dun dos títulos que resultan necesarios para o seu outorgamento.

2º En relación coa solicitude de suspensión da licenza con anterioridade a acordar a caducidade da mesma, debe informarse que a caducidade da mesma xa foi acordada na Xunta de Goberno Local na data 17 de xaneiro de 2018, polo que non podería acordarse a suspensión dunha licenza que foi declarada caducada.

E en todo caso a falta de autorización interurbana de taxi, non estaría incluído nos casos de suspensión regulados no artigo 9 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxis na cidade de Vigo:

-por solicitude do titular cando deba deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada

-de oficio, nas transmisións forzosas , cando a persoa adxudicataria non reuna os requisitos para ser titular.

Polo exposto non procede a estimación do recurso de reposición presentado, xa que as alegacións formuladas no mesmo non desvirtúan os motivos que deron lugar á declaración de caducidade da licenza de taxi nº 371.

Considerando o disposto no artigo 4 da citada Ordenanza, é competencia da Xunta de Goberno Local o coñecemento e resolución dos expedientes sancionadores que conleven a sanción de declaración de caducidade da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.

Considerando que de conformidade co Decreto de delegación de competencias de data 19 de xuño de 2015 as competencias en materia de taxis corresponden á Concelleira Delegada da Area de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos .

Considerando que se trata da resolución dun recurso de reposición interposto contra un acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en uso das súas competencias, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

PRIMEIRO .- **DESESTIMAR** o recurso de reposición interposto por D. Eligio San Millán Lago na data 15 de febreiro de 2018 contra o Acordo de declaración de caducidade da licenza de taxi nº 371, adoptado na sesión da Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2018, por non formular nas alegacións presentadas ningunha xustificación que deixe sen efecto os motivos que deron lugar á declaración de caducidade da licenza.

SEGUNDO.- Notificar o presente Acordo ó titular da licenza nº 371 D. ELIGIO SAN MILLAN LAGO requeriéndolle para que dé cumprimento ó disposto no apartado segundo do Acordo de data 17 de xaneiro de 2018.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(580).- DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PLAN PARCIAL QUIRÓS. EXPTE. 4394/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 10/05/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral e a arquitecta xefe de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:



## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES E FEITOS

- I. Con data do 26 de novembro de 2001 o Concello en pleno acordou: “(...) Segundo.- Aprobar definitivamente o Plan Parcial “SUP-PP1-Quirós” (Sárdoma), promovido pola entidade Miraflores, S A e redactado polo arquitecto D. José Herrero García, na súa versión definitiva, visado polo COAG no 5 de novembro de 2010 (docs. 1 e 6) e no 28 de xuño de 2001 (resto dos docs). Expte 5254/411. (...) Cuarto.- A propiedade deberá asumir o mantemento dos novos espazos libres e verdes cedidos ó Concello. A tal fin, as fincas resultantes do proxecto de compensación quedarán afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espazos libres e zonas verdes de nova creación. Haberá tamén de se constituir unha entidade urbanística colaboradora de conservación (...)”. As súas Ordenanzas publicáronse no BOP núm. 11, do 17/01/2002.
  
- II. Previamente, durante a tramitación do procedemento administrativo de aprobación do Plan Parcial de Quirós, de iniciativa privada, a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOPV) esixiu en sucesivas ocasións o cumprimento da reserva mínima de aparcamentos regulada no artigo 22.g) da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSG-97) entón vixente, entendendo que ditos aparcamentos debían ser de titularidade pública e non privada, contrariamente á versión inicial do Plan Parcial. Así, o eprígrafe “1.2.3.5.1.” da Memoria da versión definitiva do Plan Parcial elaborada e presentada polos promotores da actuación (páx. 50), titulado “*Cesiones a realizar a favor del Ayuntamiento*” precisou o seguinte: “(...) 2) *Terrenos destinados a viales, aparcamientos en superficie y otros espacios libres: Se prevé la cesión a favor del Ayuntamiento, de los terrenos necesarios para la construcción de la red viaria proyectada, con sus anexos en superficie, que incluye los viales de nueva ejecución “A”, “B”, “C” y “E”, el vial “D” que se apoya sobre el trazado del actual camino de Raviso, y la ampliación de la actual carretera provincial. La superficie destinada a viales y aparcamientos en superficie es de 12.298 m<sup>2</sup>, previéndose un total de 255 plazas de aparcamiento anexas a los viales.*  
3) *Edificio destinado a aparcamiento bajo subsuelo de zona deportiva: Se prevé la cesión a favor del Ayuntamiento de la construcción en subsuelo, bajo la zona deportiva, destinada a aparcamiento para un total de 283 plazas. Dicha construcción se realiza en tres plantas de sótano de una superficie de 2.208 m<sup>2</sup>, con una superficie total construída de 6.624 m<sup>2</sup>”.*
  
- III. Con data do 9 de maio de 2002 o Consello da xerencia municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de actuación da Xunta de Compensación do citado polígono (Expte 4329/401). Polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 11 de xullo de 2002 aprobouse a escritura pública de constitución da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós, outorgada ante o notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González na data do 3 de xuño de 2002, baixo o número 1.675 do seu protocolo (Expte 4373/401). Mediante resolución do 19 de agosto de 2002 o Director Xeral de Urbanismo da CPTOPT ordenou a inscrición da entidade nomeada Xunta de Compensación do Plan Parcial Quirós, do Concello de Vigo, no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

- IV. O proxecto de compensación da U. E. 1 do Plan Parcial de Quirós, promovido e redactado pola Xunta de Compensación, aprobouse definitivamente polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 6 de marzo de 2003, acordo que foi confirmado en reposición mediante acordo do Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 8 de maio de 2003 (Expte 4394/401).

O aparcamento público citado descríbese na finca resultante núm. 30, deste xeito: *“Adjudicatario: Se adjudica esta parcela núm. 30, destinada a uso de equipamiento deportivo, de cesión obligatoria, baixo cuyo subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento, en pleno dominio al Ayuntamiento de Vigo.*

*Descrición a efectos registrales: (...) La parcela se destina a equipamiento deportivo, bajo cuyo subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento (...).*

*Descrición urbanística: (...) Se destina a equipamiento deportivo, previéndose la construcción de instalaciones deportivas descubiertas. Bajo el subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento con una capacidad de 283 plazas, a desarrollar en tres plantas.*

*Afección urbanística: La finca se halla libre de cargas”.*

Na cuantificación dos custes de urbanización imputados aos propietarios do polígono no proxecto de compensación (aptdo. 9) figura a partida específica de 923.755,61 euros para a execución do mentado aparcamento público.

- V. O Consello da xerencia municipal de Urbanismo en sesión do 30 de abril de 2003, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do polígono único do Plan Parcial Quirós (Expte 4392/401). Na parte expositiva deste acordo manifestouse o seguinte: *“(…) O devandito presuposto inclúe o das obras precisas para a execución das prazas de aparcamento previstas no subsolo da área deportiva -796.341,04 euros-, que polas súas características deberán ser obxecto dun proxecto aparte, tal e como sinala o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas municipal de data 28 de abril de 2003; proxecto específico que deberá ser presentado e executado pola Xunta de Compensación para a completa urbanización do ámbito (...)”.*
- VI. Con data do 12 de maio de 2005 polo Vicepresidente da xerencia de Urbanismo, autorizáronse a don Ubaldino Rodríguez Bello, en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós S.U. P.P. 1, conforme ao proxecto presentado redactado polo arquitecto, José Herrera García, con data de visado colexial do 13 de abril de 2004, documentación reformada visada o 3 de febreiro de 2005, e informes favorables obrantes no expediente núm. 28463/422, as instalacións para a actividade de garaxe-aparcadoiro de propiedade municipal, composto de tres plantas soto baixo rasante para un total de 283 prazas no subsolo da Parcela 3, tamén de propiedade municipal, do proxecto de compensación da U.E. I do Plan Parcial de Quirós de Vigo (Exptes 49902/421 e 28463/422). A instalación aínda non está rematada, nin foi posta a disposición do Concello para a súa xestión e posta en funcionamento.
- VII. En datas do 27 de outubro de 2005 e do 15 de decembro de 2005, nos recursos contencioso-administrativo 2/4264/2002 e 2/4238/2002 promovidos por don José Manuel López Fernández e pola mercantil *“Atlántico Construciones y Promociones, S L”*, o TSXG ditou sentenzas contra o acordo plenario de aprobación definitiva do Plan Par-



## Concello de Vigo

cial de Quirós. A primeira delas, interposta contra a totalidade do Plan Parcial, desestimou a demanda e a segunda anulou os apartados “3.A.1”, “4.A” e “C.c” do Plan Parcial, por considerar o Tribunal que a reserva de aparcamentos establecida no artigo 22.g) LSG-97 non implica necesariamente a súa titularidade pública.

VIII. Con data do 11 de setembro de 2006, pola Xunta de Goberno Local acordouse a recepción parcial de obras de urbanización do “Plan Parcial de Quirós” (Expte 4680/401). Posteriormente, pola Xunta de Goberno Local de data do 23 de abril de 2007, acordouse a recepción das obras de urbanización do “Plan Parcial Quirós”, de conformidade cos informes do enxeñeiro da oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de data do 16 de marzo de 2007 e do adxunto ao director dos Servizos técnicos de data do 22 de marzo de 2007 (Expte 4734/401).

O apartado 5 da parte expositiva deste último acordo refírese á incidencia da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 15 de decembro de 2005 nos seguintes termos: *“A construción do aparcamento foi autorizada pola licenza de obra 49902/421 e pola licenza de actividade 28463/422. Ambas licenzas se facía mención ó seguinte: “(...) A edificación baixo rasante para garaxe aparcadoiro sitúase na parcela 30 do proxecto de compensación da UE I do Plan Parcial Quirós, adxudicándose en pleno dominio ao Concello de Vigo. A parcela figura inscrita no Rexistro da Propiedade número 1 de Vigo, ao tomo 1281, folio 88, parcela 76858, cunha superficie de 2.208 m<sup>2</sup>. A construción e instalación da actividade de garaxe aparcadoiro de propiedade municipal ven imposta á Xunta de Compensación do Plan Parcial Quirós para completa-la urbanización do ámbito e recolléndose éstas como gastos de urbanización, de conformidade co Plan Parcial, Proxecto de urbanización e compensación do ámbito aprobados e antes citados, sen que as licenzas de obras e actividade de garaxe aparcamento conforme ao proxecto que se aproba. Ademais, a presente autorización outórgase sen prexuízo do que resulte, no seu caso, da licitación que se convoque polo Concello para a explotación do dito garaxe aparcadoiro de propiedade municipal e sen que, en consecuencia, ésta outorgue ningún dereito de explotación ao respecto (...)”.* Tra-la Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 15 de decembro de 2005 non houbo modificación das determinacións do Plan Parcial, do proxecto de compensación e de urbanización, polo tanto procede a recepción nos términos dos aludidos documentos”.

IX. **Pola Xunta de Goberno Local de data do 5 de maio de 2008 acordouse inadmitir a reclamación formulada por don Ubaldino Rodríguez Bello no nome e representación das entidades mercantís “Miraflores Vigo, S A” e “Atlántico Construcciones y Promociones S L” de indemnización de 1.556.135,06 euros, por falta de lexitimación activa das devanditas entidades (Expte 4722/401), así como desestimar a reclamación formulada no nome da Xunta de Compensación do Plan Parcial Quirós, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo e notificar o contido íntegro do mesmo ás reclamantes, así como á Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, notificación que consta recibida o día 28 de maio de 2008. Interposto recurso contencioso administrativo contra este acordo pola Xunta de Compensación do Plan parcial de Quirós, con data do 12 de novembro de 2013 o Xulgado contencioso administrativo número un de Vigo fallou sentenza n.º 244 desestimatoria do dito recurso contencioso administrativo e declarou axustado a dereito o acto recorrido, no seo do proceso ordinario número 90/2008.**

- X. Pola Xunta de Goberno Local de data do 22 de marzo de 2013 acordouse aplicar á xestión do polígono do Plan Parcial de Quirós o modelo de estatutos xerais de entidade urbanística de conservación aprobado polo consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 11/12/2013 (BOP núm. 1 de 02/01/2004) e asemade, aprobar a constitución da entidade urbanística de conservación do Plan Parcial de Quirós efectuada en escritura de 17/12/2012 formalizada polo notario don Julio Manuel Díaz Losada, baixo o núm. 2083 do seu protocolo. Destacar que na fundamentación deste acordo de constitución da entidade de conservación, tratouse expresamente a necesidade da súa coexistencia coa Xunta de Compensación, considerando que as súas finalidades e obrigas respecto desta Administración urbanística son diversas, pois mentres que **a función primordial da Xunta de Compensación é a de urbanizar e soportar as obrigas derivadas do planeamento -entre elas a execución do garage-aparcadoiro-**, a da entidade urbanística de conservación é unicamente manter e conservar os novos espazos libres e verdes executados por aquela e todo isto, sen prexuízo da responsabilidade da Xunta de Compensación vía artigo 182.1 do RXU que será directamente responsable fronte á Administración actuante da urbanización completa do polígono ou unidade de actuación e no seu caso, da edificación dos solares resultantes cando así estivese establecido e das demais obrigas que resulten do Plan de ordenación, das bases de actuación ou do presente regulamento.

Mediante resolución do 29/10/2013 a secretaria xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ordenou a inscrición da entidade nomeada "*Entidade urbanística de conservación do Plan Parcial de Quirós*", do Concello de Vigo, no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras, co número de rexistro 3/2013, no Tomo VII, páxina rexistral núm. 95".

- XI. Con data do 30/03/2018 por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da entidade urbanística de conservación do Plan Parcial de Quirós, instouse á disolución desta entidade achegando a estes efectos toda a documentación necesaria e estando nestes intres dita solicitude en tramitación (Expte 5137/401).
- XII. Con data do 04/06/2014 por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós solicitouse a aprobación da rectificación e adaptación do proxecto de compensación do Plan Parcial de Quirós no senso de contemplar que a parcela resultante número 30 destinada a aparcamento soterrado pase a ser de titularidade da Xunta de Compensación ou no seu caso, subsidiariamente se acceda a reintegrar á Xunta de Compensación os gastos sufragados para a súa construción por importe de 1.400.521,55 euros -doc. núm. 140069485 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.

E con data do 26/05/2016 por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós ínstase novamente a aprobación da rectificación e adaptación do proxecto de compensación do Plan Parcial de Quirós no senso de contemplar que a parcela resultante número 30 destinada a aparcamento soterrado pase a ser de titularidade da Xunta de Compensación ou no seu caso, subsidiariamente se acceda a reintegrar á Xunta de Compensación os gastos sufragados para a súa construción por importe de 1.400.521,55 euros ou se ceda a súa explotación comercial en réxime de concesión administrativa previo recoñece-





## Concello de Vigo

mento do dito creto a favor da Xunta de Compensación -doc. núm. 160067649 e do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-. Con data do 26/06/2017 por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós reitérase esta solicitude -doc. núm. 170092949 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.

Non obstante, deixar constancia de que non se acompañaron as solicitudes realizadas do necesario proxecto rectificativo e aprobado inicialmente en asemblea xeral da Xunta de Compensación.

### NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva polo Consello da xunta do día 29 de abril de 1993 -DOG do día 10 de maio de 1993 e xunto coas normas urbanísticas, BOP núm. 133, do día 14 de xullo de 1993-, coas súas modificacións puntuais,
- II. O Real Decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana -TRLSRU-,
- III. A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia -LSG-,
- IV. O Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia -RLSG-,
- V. O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, que aproba as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria, sobre inscrición no Rexistro da Propiedade, dos actos de natureza urbanística,
- VI. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento das Administracións Públicas -LPACAP-,
- VII. A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público -LRXSP-,
- VIII. A Lei 28/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa -LRJCA-,
- IX. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local -LRBRL-,
- X. A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia -LALG-,
- XI. A Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas e o Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o seu regulamento -LPAP e RLPAP-,
- XII. O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de bens das entidades locais -RBEL-,

- XIII. A Lei de expropiación forzosa, de 16 de decembro de 1954 e o Decreto de 26 de abril de 1957, que aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa -LEF-,
- XIV. A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público e o Real Decreto 1098/2001, de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas -LCSP e RLCAP-,
- XV. Os estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, aprobados definitivamente polo pleno do día 29 de xullo de 1996 (*BOP* do día 4 de setembro de 1996) e modificación aprobada polo pleno do día 20 de outubro do 2000 (*BOP* núm. 212 do día 6 de novembro de 2000),
- XVI. O resto de disposicións que poidan afectar,

## FUNDAMENTOS DE DEREITO E CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- I. Sobre a solicitude realizada e as obrigas de cesións gratuítas e obrigatorias da Xunta de Compensación.-

O PXOU-93 delimitou un sector de Solo Urbanizable denominado “*SUP-PP1-Quirós*”, pertencente ao núcleo de nova creación 16.03 B Quirós, situado na parroquia de Sárdoma, para cuxo desenvolvemento foi necesaria a tramitación e aprobación do correspondente Plan Parcial que estableceu a súa ordenación detallada, requisito previo e necesario para poder levar a cabo a xestión, urbanización e edificación do ámbito.

No momento da aprobación do citado Plan Parcial de Quirós, o réxime do Solo Urbanizable viña establecido no artigo 72 da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia -LSG-, que entre as obrigas dos propietarios reguladas no seu apartado 2, establecía no parágrafo b), “*ceder gratuíta e obrigatoriamente a favor do Concello, os terreos destinados a viarios, zonas verdes e espazos libres públicos, dotacións e demais servizos, aos que o Plan Parcial atribúise o carácter de bens de dominio público; terán este carácter, en todo caso, o sistema viario de interese xeral e as reservas mínimas legalmente establecidas para o sistema de zonas verdes e espazos libres, para dotacións e aparcamentos*”.

Ademais, entre as determinacións obrigatorias dos Plans Parciais, reguladas polo artigo 22 da citada LSG-97, no seu parágrafo g) establecíase unha previsión de aparcamentos na proporción mínima dunha praza por cada vivenda ou 80 metros cadrados de edificación, que poderían localizarse incluso no subsolo dos sistemas viarios e de espazos libres, sempre que non menoscabasen o uso de estos sistemas. A este respecto, tal e como foi exposto nos antecedentes, durante a tramitación do procedemento administrativo de aprobación do Plan Parcial de Quirós, de iniciativa privada, a entón Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOPV) esixiu en sucesivas ocasións o cumprimento da reserva mínima de aparcamentos regulada no artigo 22.g) da Lei 1/1997, de 24 de marzo, do Solo de Galicia (LSG-97) entón vixente, entendendo que ditos aparcamentos debían ser de titularidade pública e non privada, contrariamente á versión inicial do Plan Parcial.



## Concello de Vigo

Neste punto cómpre traer a colación o acordo da Xunta de Goberno Local de 05/05/2008 desestimatorio da reclamación de indemnización formulada pola Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós, en tanto que no seu fundamento xurídico III, sinalaba que *“(...) Efectivamente, o Concello de Vigo aceptou -no que se refire aos aparcamentos- a versión primitiva do Plan Parcial de Quirós inicialmente presentada polos promotores da actuación. Foi a Xunta de Galicia a que posteriormente, mediante os seus informes preceptivos e vinculantes (citados no antecedente “1.º”), esixiu as 538 prazas públicas de aparcamentos logo cuestionadas, adoutando unha interpretación do artigo 22.g) LSG-97 que esta Administración municipal non compartía.*

*Os promotores da actuación decidiron acata-los devanditos informes vinculantes da Xunta de Galicia e como consecuencia delo elaboraron e presentaron na xerencia de Urbanismo a versión modificada do Plan Parcial que logo o Concello de Vigo se limitou a aprobar trala súa correspondente tramitación (...).”*

Unha vez aprobado definitivamente o dito planeamento de desenvolvemento con esa determinación imposta pola Consellería, xa en fase de xestión ou execución da ordeación detallada do ámbito, pola Xunta de Compensación aprobouse inicialmente o proxecto de compensación en assembleas xerais realizadas con data do 30/08/2002 co voto favorable do 99,48 % das cotas de urbanización e do 11/12/2002 co voto favorable do 99,458% das cotas de participación; presentado nesta xerencia de Urbanismo, tras abrirse o necesario trámite de información pública por prazo de vinte días hábiles mediante publicación de anuncio no DOG núm.3 de 07/01/2003 e notificación individualizada aos propietarios do polígono, o consello da xerencia municipal de Urbanismo en sesión de 6 de marzo de 2003 aprobou definitivamente o proxecto de compensación da U.E. 1 do Plan Parcial de Quirós, na súa última versión, con planos asinados polo arquitecto D. José Herrero García e visados polo COAG no 13/12/2002.

Tal e como se expuxo no antecedente IV deste informe, o aparcamento público que nos ocupa, descríbese na finca resultante núm. 30, deste xeito: “Adjudicatario: *Se adjudica esta parcela núm. 30, destinada a uso de equipamiento deportivo, de cesión obligatoria, baixo cuyo subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento, en pleno dominio al Ayuntamiento de Vigo.*

Descrición a efectos registrales: (...) *La parcela se destina a equipamiento deportivo, bajo cuyo subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento (...).*

Descrición urbanística: (...) *Se destina a equipamiento deportivo, previéndose la construcción de instalaciones deportivas descubiertas. Bajo el subsuelo se prevé la construcción de un garaje-aparcamiento con una capacidad de 283 plazas, a desarrollar en tres plantas.*

Afección urbanística: *La finca se halla libre de cargas*”. E na cuantificación dos custes de urbanización imputados aos propietarios do polígono no proxecto de compensación (aptdo. 9) figura unha partida específica de 923.755,61 euros para a execución do mentado aparcamento público.

Tamén a iniciativa da Xunta de Compensación foi aprobado polo consello da xerencia municipal de Urbanismo o proxecto de urbanización do ámbito, no que se preveía expresamente ese aparcamento público soterrado, como obra de urbanización do polígono e cuxo presuposto incluíu o das obras precisas para a execución das pra-

zas de aparcamento previstas no subsolo da área deportiva -796.341,04 euros-, aínda que polas súas características as remitiu a un proxecto aparte. Foi responsabilidade por tanto da Xunta de Compensación asumir os custes da execución do garaxe aparcadoiro, que en ningún caso era un deber legal do Concello de Vigo que se limitou a aceptar o emprazamento das prazas públicas de aparcamento no subsolo dunha parcela dotacional, a proposta dos promotores do Plan Parcial para dar cumprimento as esixencias da CPTOPV.

Acerca disto, novamente resulta moi aclaratorio traer a colación o acordo da Xunta de Goberno Local de 05/05/2008 desestimatorio da reclamación de indemnización formulada pola Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós, en tanto que no seu fundamento xurídico IV, refírese á existencia na Xunta de Compensación dunha *“contradicción cos seus propios actos”* dado que *“(…) Efectivamente, puideron impugnar directamente os citados informes vinculantes da Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia cando lle foron notificados; en lugar diso, procederon sen mais (e sen manifestar ningunha obxección, nin reserva) a presentar no Concello unha nova versión do Plan Parcial na que decidiron, pola súa propia vontade, localizalos aparcamentos nunha edificación no subsolo dun espacio libre de dominio público e non en superficie, nin noutro emprazamento distinto. Trala aprobación definitiva do Plan Parcial, no canto de agardar á resolución do proceso contencioso interposto contra él pola mercantil “Atlántico Construcciones y Promociones, S L”, continuaron cara adiante executando o Plan Parcial redactado por eles mesmos e os aparcamentos públicos soterrados previstos nel. A Xunta de Compensación reclamante (que nin sequera chegou a impugnalo Plan Parcial) redactou e promoveu a aprobación do Proxecto de Compensación e Proxecto de Urbanización nos que se preveía expresamente ese aparcamento público soterrado, como obra de urbanización do polígono. Ambos proxectos foron aprobados nas correspondentes Asambleas da Xunta de Compensación cos votos favorables das entidades reclamantes. Tanto elas como a Xunta de Compensación consentiron e non impugnaron ditos proxectos de compensación e urbanización, procedendo a Xunta de Compensación a executalos pola súa propia vontade ata o remate final do aparcamento (...)”*.

Foron por conseguinte os propietarios do ámbito constituídos en Xunta de Compensación os que aprobaron inicialmente e nunha porcentaxe elevadísima o proxecto de compensación logo definitivamente aprobado polo consello desta xerencia de Urbanismo, en concordancia co Plan Parcial aprobado e a pesar de terse impugnado a súa aprobación pola mercantil *“Atlántico Construcciones y Promociones, S L”*, dando orixe ao procedemento contencioso rec. 4238/2002 ante o TSXG. Queda patente de todo o exposto, que non se planteou o emprazamento da reserva en lugar distinto ao recollido polo Plan Parcial, nin se instou medida cautelar algunha no procedemento contencioso existente, sendo a este respecto moi ilustrativo o afirmado no Fundamento Xurídico Cuarto, da sentenza núm. 244 , do 12 de novembro de 2013 do xulgado contencioso-administrativo núm. 1 de Vigo, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto pola Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós, contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 5 de maio de 2008, desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial achegada pola Xunta de Compensación: *“(…) No existe constancia de que la mercantil “Atlántico, construcciones y Promociones, S L” solicitase a la Sala una medida cautelar de suspensión de la ejecución de la resolución administrativa impugnada. Sin la adopción de esa cau-*



## Concello de Vigo

*tela, el procedimiento continuó su curso con la aprobación de los correspondientes proyectos de compensación y urbanización, elaborados por la ya constituida (en junio de 2002) Junta de Compensación. Tampoco en ellos se introdujeron salvedades relativas a la pendencia del litigio y a sus posibles consecuencias. La única prevención que sobre el particular se decidió consistió en posponer a un proyecto independiente la obra de ejecución del subterráneo, que finalmente se redactó el 13.03.2004 (...)*". Tal foi así que a Xunta de Compensación, tal e como se puxo de manifesto nos antecedentes deste informe, solicitou e obtivo as licenzas necesarias para a construción do garaxe aparcadoiro de propiedade municipal, iniciando as obras antes do fallo do TSXG e continuando logo coa súa execución ata o punto de ter o aparcamento practicamente rematado, deixando firmes e consentidos os actos aprobatorios do proxecto de compensación e do proxecto de urbanización.

Únicamente, logo da sentenza de 12 de novembro de 2013 desestimatoria do recurso contencioso administrativo contra o acto denegatorio da indemnización solicitada pola Xunta de Compensación polos gastos realizados pola execución do parking, ínstase pola Xunta de Compensación a aprobación da rectificación e adaptación do proxecto de compensación do Plan Parcial de Quirós, no senso de contemplar que a parcela resultante número 30 destinada a aparcamento soterrado pase a ser de titularidade da Xunta de Compensación ou no seu caso, subsidiariamente se acceda a reintegrar á Xunta de Compensación os gastos sufragados para a súa construción por importe de 1.400.521,55 euros ou se ceda a súa explotación comercial en réxime de concesión administrativa previo recoñecemento dese creto a favor da Xunta de Compensación; non obstante, o acordo aprobatorio do instrumento de equidistribución produciu entre outros efectos, **a transmisión ao municipio en pleno dominio e libre de cargas, de todos os terreos de cesión obrigatoria** para a súa incorporación ao patrimonio público do solo ou a súa afectación aos usos previstos no planeamento -artigo 107 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia-; ao que cómpre engadir, que de conformidade co artigo 42.7 da mesma Lei, **as cesións de solo obrigatorias, comprenderán o solo, o subsolo e o voo; en ningún caso poderá renunciar a administración ás cesións correspondentes ás reservas mínimas de solo para dotacións públicas establecidas por esta Lei** e que segundo o disposto no artigo 42.8 da LSG o plan que conteña a ordenación detallada poderá regular o uso do subsolo dos espazos de dominio público coa finalidade de prever a implantación de infraestruturas, equipamentos e aparcadoiros de titularidade pública.

É obvio entón que é inviable, por ir claramente "*contra legem*", aprobar unha rectificación do proxecto de compensación para que esta dotación pública municipal pase a ser de titularidade da Xunta de Compensación en canto que estas prazas de aparcamento de titularidade pública previstas no subsolo da área deportiva trátanse de cesión obrigatorias e por tanto IRRENUNCIABLES; será por isto que a Xunta de Compensación, sabedora do imposible da súa petición, non acompañou as solicitudes realizadas do necesario proxecto rectificado e aprobado inicialmente en assemblea xeral, para que por parte desta xerencia municipal de Urbanismo se procedese a súa tramitación. Por outro lado, tamén a petición subsidiaria de que se lle sufragen os gastos da construción do aparcadoiro está fora de lugar e non só por incorrer a Xunta de Compensación nunha notable contradicción cos seus propios actos -en canto que tivo a oportunidade de evitar a consumación do suposto dano e non o fixo-, senon porque de conformidade co disposto pola lexislación urbanística estamos

ante cesións gratuítas ou libres de cargas -a transmisión á administración correspondente de todos os terreos de cesión obrigatoria, en pleno dominio e libre de cargas, terá lugar por ministerio da lei coa aprobación definitiva do proxecto de compensación, artigo 126.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia-, cuestión aparte de que este tema trataríase de cousa xulgada.

Por todo o exposto e “*salvo mellor criterio fundado en dereito*” débense rexeitar as solicitudes achegadas por Ubaldino Rodríguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós .

## II. Sobre a natureza dos bens de dominio público e a súa xestión e administración.-

O artigo 5.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, define como de dominio público os bens e dereitos que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ao uso xeral ou ao servizo público, así como aqueles aos que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais; isto é, bens e dereitos destinados a unha finalidade específica de interese xeral, tal é así que a xestión e administración destes bens demaniais axustarase entre outros, aos principios de inalienabilidade, inembargabilidade e imprescriptibilidade, consonte ao artigo 6.a) da citada Lei.

En canto á ocupación dos bens de dominio público en relación coa necesidade dun título habilitante, o artigo 84 da Lei 33/2003 dispón no seu primeiro apartado que ningún pode, sen título que o autorice outorgado pola autoridade competente, ocupar bens de dominio público ou utilízalos en forma que exceda o dereito de uso que, no seu caso, corresponde a todos, referíndose no seu apartado terceiro a que as concesións e autorizacións sobre bens de dominio público, rexeranse en primeiro termo pola lexislación especial reguladora daquelas e a falla de normas especiais ou en caso de insuficiencia destas, polas disposicións desta Lei; neste senso, as concesións demaniais veñen reguladas con carácter xenérico no artigo 93 da mentada Lei de Patrimonio, que establece que o seu outorgamento efectuarase en réxime de concorrencia, a salvo xustificadamente dos casos excepcionais previstos no artigo 137.4 desta Lei ou noutros supostos establecidos polas Leis; destacar que a Lei 33/2003, aplica o réxime concesional a todos os bens de dominio público independentemente de que se trate dun uso privativo ou un aproveitamento especial e que trátase de normativa en todo caso de carácter básico consonte á súa disposición final segunda, polo que será de aplicación preferente en canto ao procedemento a seguir.

Polo que respecta á utilización dos bens de dominio público regúlase nos artigos 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, de 13 de xunio, polo que se aproba o regulamento de bens das Entidades Locais, que distinguen entre varios tipos de uso:

-Uso común, que corresponde por igual a todos os cidadáns indistintamente, de modo que o uso de uns non impida os dos demais interesados e que poderá ser xeral ou especial cando concorran neste último suposto circunstancias especiais, pola peligrosidade, intensidade do uso ou semellantes

-Uso privativo, o constituído pola ocupación dunha porción de dominio público, de modo que limita ou exclúe a súa utilización polos demais interesados,

-Uso normal, cando é conforme co destino principal do dominio público ao que afecte e -Uso anormal, en caso contrario.



## Concello de Vigo

O uso común xeral dos bens de dominio público exercerase libremente, pero cando estemos ante un uso común especial normal suxeitarase a licenza, mentres que para o caso dun uso privativo ou uso anormal suxeitarase a concesión administrativa; consonte ao disposto polo artigo 78.2 do RBEL, as concesións outorgaranse previa licitación con arreglo ao disposto nos artigos seguintes e a normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.

### III. Sobre a necesidade de rematar as obras pendentes e as consecuencias do seu incumprimento.-

O Consello da xerencia municipal de Urbanismo en sesión do 30 de abril de 2003, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización do polígono único do Plan Parcial Quirós (Expte 4392/401). Na parte expositiva deste acordo manifestouse o seguinte: *"(...) O devandito presuposto inclúe o das obras precisas para a execución das prazas de aparcamento previstas no subsolo da área deportiva -796.341,04 euros-, que polas súas características deberán ser obxecto dun proxecto aparte, tal e como sinala o informe do enxeñeiro técnico de obras públicas municipal de data 28 de abril de 2003; proxecto específico que deberá ser presentado e executado pola Xunta de Compensación para a completa urbanización do ámbito (...)".*

Presentado o dito proxecto independente, na data de hoxe o aparcamento está practicamente rematado; quedaría pendente de realizar, segundo o informe emitido dentro do expediente 28463/422 polo inspector municipal con data do 17/07/2013, en torno a un 8% para rematar a totalidade das obras e equipamentos e segundo o que dí a propia Xunta de Compensación en torno a un 10 % pois nos seus escritos achegados con data do 26/05/2016 e 26/06/2017 -docs 160067649 e 170092949 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-, recoñece que *"...el parking subterráneo está construído en un alto porcentaje, en torno a un 90%..."*.

Sobe a urbanización do ámbito en relación co garaxe-aparcamento con data do 09/05/2018, emite o seguinte informe a arquitecta xefa de Planeamento e Xestión: *"ANTECEDENTES:*

*O Plan Parcial de Quirós do SUP P.P.-1 da parroquia de Sárdoma aprobouse definitivamente por Acordo do Pleno do Concello de Vigo do 26 de novembro de 2001 (BOP 12, do 17/01/2002), clarexándose certos aspectos do mesmo no posterior Acordo plenario do 13 de setembro de 2004 (BOP 197 do 11/10/2004). No expediente 5254/411 consta toda a documentación e informes relativos á súa tramitación.*

*O Proxecto de compensación da U.E.I do Plan Parcial de Quirós, tramitado a instancia da Xunta de Compensación, foi aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo o 6 de marzo de 2003, segundo a documentación obrante no expediente 4394/401.*

*Dentro dos deberes da Xunta de Compesación no proxecto de compensación recóllese a obriga de construír **un aparcamento no subsolo da parcela Nº30 de cesión de equipamento deportivo.***

*Para a realización destas obras, a Xunta de compensación do Plan Parcial Quirós solicitou licenza de obras e actividade que foron tramitadas cos números de expedientes 49902/421 e 28463/422.*

*Segundo se recolle no texto da licenza de obras do aparcamento:*

*“Na dita parcela destinada ao uso de equipamento deportivo prevese baixo rasante a construción dun garaxe aparcadoiro de PROPIEDAD MUNICIPAL para unha capacidade de 283 prazas para desenvolver en tres plantas, axustándose a ditas determinacións o proxecto de obras e instalacións presentado segundo informes técnicos emitidos.*

*A construción e instalación da actividade de garaxe aparcadoiro de PROPIEDAD MUNICIPAL ven imposta á Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós para completa-la urbanización do ámbito e recolléndose éstas como gastos de urbanización, de conformidade co Plan Parcial, proxecto de urbanización e compensación do ámbito aprobados e antes citadas, sen que as licenzas de obras e instalación da actividade que se outorguen recoñezan ningún outro dereito que o de construír e realizar as instalacións para a actividade de garaxe aparcamento conforme ao proxecto que se aprobe. As obras e instalacións da actividade de garaxe aparcadoiro que completan a urbanización do ámbito do polígono único do P.P. Quirós serán entregadas ao Concello para completa-la urbanización do ámbito e tralas visitas previstas no artigo 34 do RAMINP”.*

*....*

*“Unha vez rematadas as obras e instalacións da actividade de garaxe aparcadoiro que completan a urbanización do ámbito do polígono único do P.P. Quirós **serán entregadas ao Concello para completa-la urbanización do ámbito** e tralas visitas de inspección previstas no artigo 34 do RAMINP, coas solemnizadas legais establecidas para a recepción da obra urbanizadora (artigo 110º.5. da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia)”.*

## **2. ESTADO DO APARCAMENTO.**

*As obras do garaxe aparcadoiro non foron entregadas ao Concello, consta no expediente 28463/422 informe do inspector de data 17.07.2013 no que relaciona as obras pendentes de executar, que nese momento serían:*

*“As partidas pendentes de realizar son as seguintes:*

- Ventilación forzada.*
- Limpeza e pintado de interior.*
- Colocación dos sanitarios nos aseos.*
- Pavimentar un dos accesos.*
- Rematar a instalación eléctrica.*
- Dotar de medios e instalacións contra o lume.*
- Dotar de equipamentos a zona deportiva situada encima da planta superior”.*

*Non consta nesta administración que ditas partidas foran executadas.*

*En data 16.04.2018 a técnica que subscribe xirou visita á zona para comprobar o estado no que se atopa o garaxe aparcadoiro. A visita realizouse dende o exterior (non se accedeu ao interior).*

*A edificación de garaxe foi efectivamente construída baixo a rasante da parcela 30 de cesión para equipamento deportivo, tal e como estaba previsto.*





## Concello de Vigo



*Tal e como se recolle no proxecto a pista deportiva, que constitúe o teito do garaxe aparcamento, ten dous niveis. Na fotografía que se adxunta na páxina anterior podemos apreciar a parte superior e a inferior, a esquerda. Ás dúas zonas accedese de xeito peonil, desde zona verde, que se atopa nun nivel superior, por dúas ramplas que baixan ata a cota dos dous niveis. Estas dúas zonas son dous planos horizontais pintados en cor vermella, de uso deportivo. Non contan con equipamento deportivo, como porterías, canastas, redes...*



*Fotografía do plano superior da pista. Debaixo atópase o garaxe aparcamento co acceso desde a zona verde.*







## Concello de Vigo

*Desde a rúa denominada "E" o acceso realízase mediante unhas escaleiras que desembocan na zona verde e de aí accédese á pista deportiva.*

*Desde a parte sur o acceso peonil realízase a través dunhas escaleiras, dado que a cota do vial denominado "E" atópase por debaixo da cota da zona verde e da "tapa" do edificio do aparcamento, é dicir da pista. A rasante deste vial foi modificada durante as obras de urbanización, baixando o nivel neste punto (remate do vial en fondo de saco) de forma que se produce un desnivel entre a pista e o vial, que debe ser salvado mediante estas escaleiras.*

*O garaxe aparcamento ten dúas entradas para vehículos, unha na parte norte desde a rúa Dona Cristina.*



*Como se pode comprobar na fotografía que se xunta, a entrada de vehículos pola rúa Dona Cristina está chea de maleza e con sacos de escombros recostados contra o muro da rampla de acceso, é patente o estado de abandono no que se atopa este equipamento municipal pendente de rematar pola Xunta de Compensación e da súa entrega ao Concello.*

*Tamén ten un acceso para coches desde a parte sur, pola denominada rúa "E".  
Fotografía obtida do informe de inspección do ano 2013*



*As obras, desde o exterior, no que se refire a estruturas de formigón, ramplas de acceso, etc, atópanse rematadas. É probable que as obras que quedaban por executar o día 17.07.2013, e que se describen o informe do inspector, continúen sen executar. Xúntanse outras fotografías tomadas o día 16 de abril de 2017.*





**Concello de Vigo**



*Zona verde, parque infantil e pista deportiva.*

### **3. PRAZO PARA O REMATE DAS OBRAS PENDENTES.**

*Tendo en conta o informado polo inspector en data 17.07.2013 no que relaciona as obras pendentes de executar, pódese estimar que as obras poderían comezarse en 15 días e o prazo para a súa execución podería ser, como máximo, de tres meses””.*

Por todo o exposto e chegados a este punto, debemos referirnos ao artigo 107.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que establece que a aprobación definitiva do instrumento de equidistribución habilita a Administración para proceder á ocupación dos terreos e dos bens que, pola súa cualificación urbanística, deban ser



obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta e daqueles outros incluídos no ámbito que resulten necesarios para a execución material das obras de urbanización.

É por isto, que de conformidade cos prazos sinalados no informe técnico transcrito de data do 09/05/2018, faise necesario requirir á Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós para que no prazo de QUINCE DÍAS, reanude as obras pendentes de executar do aparcamento soterrado, obras que serán rematadas no prazo de TRES MESES, baixo advertencia de que en caso contrario procederáse por parte desta Administración municipal a declarar o incumprimento da obriga da Xunta de Compensación de completar a urbanización do ámbito e a executar subsidiariamente e a custa da Xunta de Compensación as obras que quedan pendentes do aparcamento soterrado.

A estes efectos, as Administracións Públicas poderán proceder previo apercibimento á execución forzosa dos seus actos a través dunha serie de medios entre os que se atopa a execución subsidiaria. Consonte ao artigo 102 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das Administracións Públicas, haberá lugar á execución subsidiaria cando se trate de actos que por non ser personalísimos poidan ser realizados por un suxeito distinto do obrigado. Cómpre subliñar a este respecto, que con carácter previo á execución das unidades de obra que restan por executar, procederáse á apertura do procedemento de contratación que corresponda.

En canto aos requisitos legais da execución forzosa:

-As Administracións públicas non iniciarán ningunha actuación material de execución de resolucións que limite dereitos dos particulares sen que previamente se teña adoptado a resolución que lle sirva de fundamento xurídico. O órgano que ordene un acto de execución material de resolucións estará obrigado a notificar ao particular interesado, a resolución que autorice a actuación administrativa, consonte ao disposto no artigo 97 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas,

-Se fosen varios os medios de execución admisibles, elixírase o menos restritivo da liberdade individual -artigo 100.2 LPACAP-,

-O importe dos gastos, danos e prexuízos derivados da execución subsidiaria esixírase conforme ao disposto para o apremio sobre o patrimonio. Dito importe poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva -artigo 102.3 e 4 da LPACAP-.

IV. Competencia resolutoria.-



## Concello de Vigo

É competente para resolver este procedemento en virtude do artigo 127 da LRBRL, a Xunta de Goberno Local.

### PROPOSTA

Polo exposto, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse a adopción do seguinte

### ACORDO

*PRIMEIRO: Desestimar as solicitudes achegadas por Ubaldino Rodriguez Bello en nome e representación da Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós con data do 04/06/2014 -doc. núm. 140069485 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo- e con data do 26/05/2016 e reiterada con data do 26/06/2017 -docs. núm. 160067649 e 170092949 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-, polos motivos que fundamentan este acordo na súa parte expositiva.*

*SEGUNDO: Requirir á Xunta de Compensación do Plan Parcial de Quirós para que, de conformidade co disposto no informe da arquitecta xefa de Planeamento e Xestión de data do 09/05/2018, no prazo de QUINCE DÍAS reanude as obras pendentes de executar do aparcamento soterrado, obras que serán rematadas no prazo máximo de TRES MESES, baixo advertencia de que en caso contrario procederase por parte desta Administración municipal a declarar o incumprimento da obriga da Xunta de Compensación de completar a urbanización do ámbito e a executar subsidiariamente e a custa da Xunta de Compensación as obras que quedan pendentes do aparcamento soterrado.*

*TERCEIRO: Notificar aos interesados a presente resolución, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra a mesma poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, a contar ambos os dous prazos desde o día seguinte ao da notificación desta Resolución”.*

Non obstante, a órgano resolutorio decidirá co seu superior criterio o que estime mais oportuno.

En sesión do 24/05/18, o Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **13(581).- ENCOMENDA DE REDACCIÓN DO PROXECTO “SUBSTITUCIÓN DE TUBAXES DE FIBROCEMENTO NO ÁMBITO DE SAN ROQUE – RIBADAVIA” Á AQUALIA FCC-VIGO UTE. EXPTE. 5539/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 28/05/18, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e





## Concello de Vigo

Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican no apartado III c) da parte expositiva do mesmo Acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

**III.-** No punto III, relativo aos “*Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia*” do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 15 de maio de 2018, os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na “**Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque - Ribadavia**”. Segundo este informe é conveniente completar as actuacións de renovación das tubaxes de fibrocemento no ámbito dos barrios de San Roque e Ribadavia, de xeito que as maiores condicións de servizo que se poden conseguir nos treitos renovados non se vexan limitadas pola existencia de conducións adxacentes de fibrocemento envellecido que poidan sufrir deterioro estrutural. Con esta actuación búscase conseguir mellorar a calidade do servizo e evitar molestias polas recorrentes interrupcións de servizo e danos ocasionados polas fugas, polo que se considera que é unha actuación prioritaria que non debe demorarse.

**V.-** A vista deste informe, con data 15 de maio de 2018, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de “**Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque - Ribadavia**”.

**VI.-** O proxecto a redactar deberá adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque - Ribadavia”.

2º.- Designar aos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Xacobe Paz Salgado como directores do proxecto das obras de “Substitución de tubaxes de fibrocemento no ámbito de San Roque - Ribadavia”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(582).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez